



APRENDE A ESCOITAR
DELEGACIÓN DE SANTIAGO

DIVERTINDO AOS MAIORES



APRENDE A ESCOITAR

DELEGACIÓN DE SANTIAGO

NIF: G-70163175

Teléfonos: 620 61 05 55 / 667 345 378

Correo: sdcaprendeaescoitar@hotmail.com

Pág. Web: <http://aprendeaescoitar.blogspot.com/>

ÍNDICE

QUE ESTÁ A PASAR	3
NA PROCURA DUN NOVO FUTURO, O NOSO PROXECTO	4
A NOSA ASOCIACIÓN	5
OBXECTIVOS	6
DESCRIBIÓN DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS	7
DIAGNÓSTICO DA NECESIDADE SOCIAL E FINALIDADE DO SERVIZO	8
PERSOAS DESTINATARIAS	8
CALENDARIO	8
LUGAR DE REALIZACIÓN	10
ENTIDADES COAS QUE COLABORAMOS	10
ORZAMENTO	10
ANEXOS	-



APRENDE A ESCOITAR

DELEGACIÓN DE SANTIAGO

NIF: G-70163175


Teléfonos: 620 61 05 55 / 667 345 378

Correo: sdcaprendeaescoitar@hotmail.com

Páx. Web: <http://aprendeaescoitar.blogspot.com/>

DIVERTINDO AOS MAIORES

QUE ESTÁ A PASAR ?







O envellecemento da poboación e o aumento deste en décadas futuras, afecta, aínda que non en igual medida, tanto aos países desenvolvidos, coma os que están en vías de desenvolvemento. Hai que revisar cuestións a nivel universal porque non se entende un estado de benestar sen o benestar dos seus maiores. Un estado que garanta un envellecemento activo e saudable tanto a nivel físico, psicolóxico coma social; con actividades preventivas para conseguilo como exercicio físico suave, abandono do hábito do tabaquismo, vacinación antigripal, dieta variada e equilibrada,

estimulación física e cognitiva, terapia ocupacional...

A realidade social actual en Occidente con xubilacións prematuras, aumento da esperanza de vida, descenso da taxa de natalidade e precariedade económica nas persoas maiores, expón unha serie de problemas: limitacións no acceso á atención sanitaria, vivendas pouco dignas, exclusión da cultura e da educación, escasa participación na vida social e política, ausencia ou escaso funcionamento dos servizos sociais, pouca capacidade de resposta económica...; aos que hai que atoparllas solucións, a nivel político, económico, familiar, educativo e social.

Asemade na maioría dos países non se respecta a autonomía dos maiores, non se recoñece o dereito á protección ante situacións de abuso, maltrato...

A poboación maior representa un reto para a sociedade actual e na procura de respostas e solucións tiveron lugar diferentes eventos ao longo da historia:

-  No ano 1982 celebrouse a I Asemblea Mundial sobre Envellecemento en Viena.
-  No 93 a CEE proclama este ano coma *Ano Europeo das persoas de idade avanzada e da solidariedade entre xeracións*
-  O 99 instáurase como *Ano institucional das persoas maiores*, segundo a Asemblea Xeral das Nacións Unidas, cun lema: *Cara unha sociedade para tódalas idades.*
-  No 2002 celébrase a II Asemblea Mundial sobre envellecemento en Madrid.

A aplicación da Declaración dos Dereitos Humanos debe ser fundamental e rigorosa, igual para tódolos/as cidadáns, sen distinción da idade.



APRENDE A ESCOITAR

DELEGACIÓN DE SANTIAGO

NIF: G-70163175

Teléfonos: 620 61 05 55 / 667 345 378

Correo: sdcaprendeaescoitar@hotmail.com

Páx. Web: <http://aprendeaescoitar.blogspot.com/>

As mulleres deben ser obxecto de especial protección na defensa destes dereitos, ademais da discriminación que sofren pola falta de recursos e a idade, hai que sumarlle a discriminación por xénero: teñen menos ingresos, menos acceso á cultura, á educación, menor participación na vida social, asumen as tarefas de coidado no ámbito familiar...

Igual protección deben recibir as minorías étnicas e os emigrantes de idade avanzada que viven o desarraigo con maior intensidade.

É primordial evitar que pola exclusión social se perda ou se esqueza o valor dos nosos maiores, como transmisores de información, de coñecementos, tradicións.... **É necesario que aumente a solidariedade entre xeracións.**

Esta é a realidade e porén a nosa Asociación Xuvenil quere levar a cabo, con moito interese o proxecto que se desenvolverá nas seguintes liñas.

NA PROCURA DUN NOVO FUTURO, O NOSO PROXECTO:

Divertindo aos maiores é un proxecto orientado cara o sector da terceira idade, na que se realizarán unha serie de actividades coas persoas que viven e conviven nunha residencia de maiores.

Os servizos ofrecidos abarcan tanto actividades lúdicas como axudas prestadas ás necesidades individuais de cada persoa e en grupo, como, tamén actividades que melloren as relacións xeracionais.

A nosa principal motivación responde ao interese na mellora dos vínculos entre os distintos sectores de idade, valores esquecidos na maioría da nosa xeración. Principalmente pretendemos o achegamento entre persoas de distinta idade, que durante o desenvolvemento do proxecto iremos alcanzando cunha serie de actividades, as cales proporanse de acordo coas necesidades e coas preferencias das persoas ás que vai destinada esta finalidade.





APRENDE A ESCOITAR

DELEGACIÓN DE SANTIAGO

NIF: G-70163175

Teléfonos: 620 61 05 55 / 667 345 378

Correo: sdcaprendeaescoitar@hotmail.com

Páx. Web: <http://aprendeaescoitar.blogspot.com/>

Esta iniciativa será moi frutífera para ambas partes do proxecto, por unha banda os destinatarios/as da obra mellorarán as relacións interpersoais, as relacións cos participantes da actividade, a capacidade de interacción e outros niveis persoais que serán diferentes en cada persoa.

Por outra banda temos que destacar que grazas a este servizo axudaremos a persoas alleas a nós e aprenderemos, así mesmo, a convivencia na sociedade e a valoración destas. Este proxecto faranos madurar e aprender a importancia de axudar aos demais sen obter nada a cambio, devolvendo todo o que a sociedade nos dá.

Salientar a importancia dun traballo en grupo, peza fundamental para o correcto funcionamento da nosa iniciativa cimentada na responsabilidade, no esforzo e no compromiso.

Pretendemos espertar o interese da mocidade neste tema, tendo en conta que a súa achega traerlles de seu un enriquecemento procedente da transmisión recíproca de coñecementos e vivencias nunha relación simbiótica.

A cotío adoitamos referirnos aos nosos maiores salientando palabras como: conservadorismo, monotonía ou antigüidade. Está presente entre a mocidade a idea de que eles non entenden o noso día a día e non comparten os nosos gustos e afeccións.

Semella evidente que non todas as pensan do mesmo xeito nin desenvolven as mesmas actividades, pero estereotipar a xente a causa da idade é un erro cometido en moitas ocasións. Porén, cremos no achegamento entre a mocidade e os nosos maiores, cremos que poden compartirse multitude de coñecementos entre ambos e cremos tamén no positivo que isto pode aportar tanto a uns coma a outros.

Esta transmisión de coñecementos que a poboación maior nos pode brindar a nós, os mozos/as, danos a posibilidade de tomalos como referencia e aprender dos seus erros coma se de unha lección de vida se tratase. A adquisición desta por parte dos mozos pode fortalecerlles e dalgún xeito axudarlles no seu proceso de maduración.

Trátase dun aporte mutuo, pois os maiores tamén necesitan renovarse e estar ao rente do novo, os avances que facilitan á sociedade o día a día. Un modo de fomentar isto é a interacción entre ambos axudando así a potenciar as facultades e desenvolver a creatividade dos maiores para que poidan aventurarse ao exercizo de actividades que nunca puideron levar a cabo.

Como se pode observar, trátase dun proxecto asentado na interxeneracionalidade entre mozos e maiores podendo aportar cadanseu o mellor para o outro e tentar facer posíbel un achegamento entre ambos.



APRENDE A ESCOITAR

DELEGACIÓN DE SANTIAGO

NIF: G-70163175

Teléfonos: 620 61 05 55 / 667 345 378

Correo: sdcaprendeaescoitar@hotmail.com

Páx. Web: <http://aprendeaescoitar.blogspot.com/>

A NOSA ASOCIACIÓN:

Hai catro anos constituíuse a Asociación Xuvenil *Aprende a escoitar*, co seu proxecto “Divertindo os maiores” que dende as súas orixes fomentou o traballo con estes, facendo posíbel un achegamento entre xeracións a través de iniciativas de carácter lúdico, cultural, artístico e de desenvolvemento das capacidades; tentando sobre todo a creación dunha ponte vinculante entre a mocidade e os maiores .

O longo destes anos, esta Asociación, levou a cabo numerosas actividades, así como conferencias, exposicións tanto na USC como noutros puntos da xeografía española, xornadas de integración e vídeo-forums interxeracionais, nos que tentamos sensibilizar á xente cos temas de actuais e onde puidemos observar que tanto maiores como mozos tiñamos moitos puntos en común.

Porén e grazas ao traballo continuo de todas as persoas que colaboraron no proxecto, conseguimos este ano unha expansión a nivel autonómico da Asociación, constituíndo en Santiago de Compostela a primeira das moitas delegación da Asociación que intentaremos crear ao longo de todo o territorio galego. Nas vindeiras datas constituirase a segunda delegación na cidade de Ferrol onde naceu a Asociación e este proxecto que nos representa e nos deu a coñecer a nivel nacional.

Con todo o esforzo invertido, un ano máis seguiremos a traballar cara esa mellora social e loitaremos por esas persoas que non se atopan nunhas condición de vida axeitadas na actualidade.

A maiores fomentaremos a creación de proxectos vindeiros para que este colectivo estea atendido e amparado grazas ao voluntariado, no que baseamos a nosa actividade social, tratando de enfocalo sempre no plano de igualdade, porque **fales como fales e penses como penses o importante é que alguén te escoite.**

OBXECTIVOS:

O obxectivo fundamental desta acción acadarase mediante unha serie de servizos que ofreceremos ao sector da terceira idade.

Se afondamos na procura do resultado do noso traballo, centrámonos na vontade dunha pescuda nas relacións entre a mocidade e os anciáns, a valoración recíproca de ambos sectores e sobre todo a satisfacción e mellora das condicións de vida dos destinatarios/as, polas actividades que realizamos.

A pesar do exposto anteriormente todas e todos temos claro a dificultade que supón sobre toda a elaboración dunha nova edición do proxecto, conseguir colaboracións, axudas, residencias de maiores que queiran participar canda nós, etc.

Este problemas son os que se tratarán de corrixir mediante as axudas a emprendedores, axudas tan valiosas como descoñecidas para a mocidade. Precisamente este descoñecemento é o que pretendemos suplir con esta actividade e demostrar que xunto con estas axudas e o traballo de todas e todos poderemos lograr os nosos propósitos.



DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS:

☞ Actividades lúdicas:


- a. Xogos de mesa, tales como chinchón, tute, parchís, xadrez, dominó...
- b. Torneos de bingo.
- c. Exercizos de ioga, relaxación e psicomotricidade.
- d. Bailes de salón e introdución aos bailes modernos.
- e. Actividades con globos.
- f. Karaoke coa *playstation* e co xogo de *Singstar*.

☞ Actividades sociais:

- a. Exercizos que teñan como fin a mellora da relación entre eles.
- b. Traballar valores como a confianza, a perda da vergoña, o respecto, o compañeirismo e a solidariedade.

☞ Actividades culturais e de formación:

- a. Actividades para exercitar calidades mentais: a memoria, a lóxica ou o cálculo, tentando introducir a consola *Wii* e o xogo *Brain Trainer*.
- b. Actividades para exercitar os sentidos, tales como a capacidade de reacción, reflexos, etc.
- c. Charlas sobre temas de actualidade.
- d. Obradoiro de lectura.
- e. Faladoiros e exposicións sobre temas como a Guerra Civil, o Franquismo ou temas sobre a xuventude actual.





APRENDE A ESCOITAR

DELEGACIÓN DE SANTIAGO

NIF: G-70163175

Teléfonos: 620 61 05 55 / 667 345 378

Correo: sdcaprendeaescoitar@hotmail.com

Páx. Web: <http://aprendeaescoitar.blogspot.com/>

☞ Actividades artísticas:

- a. Representación de pequenas escenas teatrais ou monólogos.
- b. Participación no proxecto de persoas inmersas no mundo cultural, artístico e do deporte.
- c. Traballo da expresión corporal.
- d. Visualización de cine antigo, facendo fincapé en películas españolas da época.
- e. Introducción ao cine moderno.
- f. Visualización de documentación con debates posteriores.
- g. Actividades manuais co fin de fomentar a creatividade.
- h. Actividades artesanais con barro.

☞ Actividades de introdución ás novas tecnoloxías:

- a. Introducción da informática e das novas tecnoloxías.

As actividades serán desenvoltas máis polo miúdo en anexos a este proxecto.

DIAGNÓSTICO DA NECESIDADE SOCIAL E FINALIDADE DO SERVIZO:

Debido á marxinación e infravaloración do sector da terceira idade e o descoñecemento das novas tecnoloxías co fin de involucrar a todos os sectores da poboación para realizar actividades deste eido.

PERSOAS DESTINATARIAS:

Esta actividade vai dirixida ás persoas da terceira idade que habiten nunha residencia.

CALENDARIO:

OUTUBRO:

Do xoves 7 ao mércores 20: Presentación do proxecto a entidades e achegamento coas Asociacións do barrio.

Do venres 8 ao martes 19: Pescuda do lugar de realización do proxecto.

Xoves 21: Presentación pública da delegación da Asociación e do proxecto.



APRENDE A ESCOITAR

DELEGACIÓN DE SANTIAGO

NIF: G-70163175

Teléfonos: 620 61 05 55 / 667 345 378

Correo: sdcaprendeaescoitar@hotmail.com

Páx. Web: <http://aprendeaescoitar.blogspot.com/>

NOVEMBRO:

Do xoves 21 de outubro ao xoves 11 de novembro: Preparación das actividades.

Venres 12: Comezo da primeira etapa do proxecto e realización das enquisas para ver as preferencias das persoas maiores.

Venres 19: Desenvolvemento das actividades.

Venres 26: Desenvolvemento das actividades.

DECEMBRO:

Venres 10: Desenvolvemento das actividades.

Venres 17: Desenvolvemento das actividades.

Venres 20: Desenvolvemento das actividades.

XANEIRO:

Venres 14: Desenvolvemento das actividades.

Venres 21: Fin da primeira etapa do proxecto.

FEBREIRO:

Do sábado 22 de xaneiro ao venres 10 de febreiro: Análise da primeira etapa do proxecto e elaboración do informe.

Venres 11: Presentación do informe.

Venres 18: Comezo da segunda etapa do proxecto.

Venres 25: Desenvolvemento das actividades.

MARZO:

Venres 4: Desenvolvemento das actividades.

Venres 11: Desenvolvemento das actividades.

Venres 18: Desenvolvemento das actividades.

Venres 25: Desenvolvemento das actividades.

ABRIL:

Venres 1: Desenvolvemento das actividades.

Venres 8: Fin da primeira etapa do proxecto.

Do sábado 9 ao domingo 27: Análise da segunda etapa do proxecto e elaboración do informe.

Luns 28: Presentación do informe e das deliberación obtidas desta edición do proxecto.

*O presente calendario poderá verse modificado e/ou ampliado co fin de mellorar a calidade do proxecto.



APRENDE A ESCOITAR

DELEGACIÓN DE SANTIAGO

NIF: G-70163175

Teléfonos: 620 61 05 55 / 667 345 378

Correo: sdcaprendeaescoitar@hotmail.com

Pág. Web: <http://aprendeaescoitar.blogspot.com/>

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Á espera de aceptación do proxecto.

ENTIDADES SOCIAIS COAS QUE COLABORAMOS:

Á espera de aceptación do proxecto.

ORZAMENTO:

ASUNTO	EUROS
Gastos administrativos	50,00 €
Material funxible para as actividades	500,00 €
Viaxes e traslados	300,00 €
Publicidade e material gráfico	4.000,00 €
Total	4.850,00 €



Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2010

A coordinadora municipal,

O presidente,

Asdo.: Marta Carreira Serantes

Asdo.: Aitor Bouza Manso